

Acta da sesión do tribunal encargado de xulgar o proceso selectivo para estabilización de persoal temporal polo sistema excepcional de concurso de unha praza de: TÉCNICO/A DE INTERVENCIÓN FAMILIAR - EDUCACIÓN FAMILIAR do Concello de Brión.

Acta do tribunal de selección.

Acta nº. 2

Data da sesión: 12.07.2023.

Hora inicio: 11,45 horas.

Hora de finalización: 12,00 horas.

Lugar: Casa do Concello de Brión.

Asistentes:

PRESIDENTE/A:

María Victoria Varela Rodríguez.

VOGAIS:

Ana Isabel Candame Areosa.

Alberto Iglesias Fungueiriño.

Alberto Álvarez Escudero.

SECRETARIO/A:

Javier Nieves González.

Transcorrido o prazo de alegacións de 10 días hábiles, o tribunal acorda:

1º) Desestimar as alegacións presentadas á puntuación provisional do concurso, seguidamente relacionadas e polos motivos que se sinala:

1. ROCÍO GÓMEZ SÁNCHEZ, rexistro de entrada 202399900000851, do 22.06.2023 no que en esencia sinala.

1.1. Que as certificacións de servizos se lle puntuaron por 0,20 cando se lle debían puntuar por 0,40, porque son do grupo II, categoría 6, e así o recolle a Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia e anexo II A do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Se desestima porque o certificado do Concello de Santiago pon diplomada en educación social, e non especifica que sexa do grupo II, categoría 06, pero diso non se desprende necesariamente que fíxese funcións de intervención familiar - educación familiar, e respecto dos certificados do consorcio en ningún dos dous se especifica que a categoría sexa de técnico de intervención familiar-educación familiar, senón que nun se especifica categoría técnico medio do Plan Estratéxico Galego de Apoio á Infancia e Adolescencia e no outro categoría de técnico medio, ningún é como técnico de intervención familiar, se poden realizar funcións de técnico nun área concreta (menores e adolescentes) pero non se refire ás funcións de técnico de intervención familiar.

Igualmente se desestima porque nas certificacións do consorcio se sinala que para exercer esas categorías de técnico medio do Plan Estratéxico Galego de Apoio á Infancia e Adolescencia e no outro de técnico medio, se require, entre outras, a diplomatura en educación social, pero non exclusivamente esa titulación.

1.2. Que non ten puntuación no apartado B.I Titulación superior requirida para o acceso ao proceso: 5,00 puntos por cada titulación.

Se desestima porque a interesada xa ten acadado o máximo de puntuación do apartado B) Formación profesional (máximo 30 puntos) co apartado B.II.



**Concello
de Brión**

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

2. SANDRA BAÑA NIMO, rexistro de entrada 202399900000857, do 23.06.2023, no que en esencia sinala que a experiencia como orientación do certificado da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, se lle debía valorar no apartado A.II porque para desempeñar ese posto é preciso ter a titulación de Licenciado en Pedagogía.

Se desestima posto que a experiencia que alega está vinculada á área educativa e non garda relación coas funcións dun educador familiar na área de servizos sociais.

2º) Publicar a puntuación definitiva do concurso:

Primeiro Apelido	Segundo Apelido	Nome	Méritos profesionais	Formación profesional	Total
ANTELO	GARCÍA	MARÍA AZUCENA	70,00	30,00	100,00
IGLESIA	CABANEIRO	MARÍA DEL MAR	31,40	30,00	61,40
GÓMEZ	SÁNCHEZ	ROCÍO	36,60	30,00	66,60
CASTELEIRO	URALDE	NEREA	0,00	30,00	30,00
BAÑA	NIMO	SANDRA	16,60	30,00	46,60
LÓPEZ	AGRA	ADRIÁN	1,00	30,00	31,00
MARTÍNEZ	BAQUEIRO	Mª DEL PILAR	70,00	30,00	100,00
VARELA	DIESTE	OLAYA	0,00	24,00	24,00
MOSQUERA	RODRÍGUEZ	Mª JOSÉ	70,00	30,00	100,00
ÁLVAREZ	NAYA	ÁNXELA	5,60	30,00	35,60
CALO	POUSO	ELENA Mª	3,00	30,00	33,00

3º) Propoñer á persoa aspirante que se relaciona para ou seu nomeamento pola Alcaldía como persoa contratada laboral fixa, praza de técnico/a de intervención familiar - educación familiar, grupo A2, atendendo á orde de puntuación final obtido e aos criterios de desempate establecidos na base 11.4. das bases xerais: **MARÍA DEL PILAR MARTÍNEZ BAQUEIRO.**

4º) Consonte co disposto na base 15 das bases xerais pasan a formar parte da **bolsa de emprego** aqueles candidatos que participando no proceso selectivo e non superando este, obteñen unha puntuación mínima que se considere suficiente (50% da puntuación total), quedando ordenada atendendo á puntuación obtida, e aos criterios de desempate establecidos na base 11.4. das bases xerais do seguinte xeito:

1. MARÍA JOSÉ MOSQUERA RODRÍGUEZ.
2. MARÍA AZUCENA ANTELO GARCÍA.
3. ROCÍO GÓMEZ SÁNCHEZ.
4. MARÍA DEL MAR IGLESIA CABANEIRO.

5º) Como a persoa proposta ten acreditada a titulación en lingua galega esixida na convocatoria se declara a exención de realización da proba oral prevista nas bases.

6º) Proceder a súa publicación na páxina web municipal e no taboleiro de edictos do Concello, informando ao aspirante proposto que **disporá dun prazo de 20 días hábiles**, contado desde a publicación, para presentar no Rexistro do Concello a **documentación sinalada na base 13.2. das bases xerais.**

7º) Contra este acordo poderán presentar recurso de alzada perante o Alcalde do Concello, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da publicación de conformidade do disposto nos

artigos 112, 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

E sen máis asuntos que tratar dáse por rematado o acto do que se estende esta acta que asinan os asistentes.

